

A CIG valora positivamente a sentenza que anula o ERE de Atento e pide a readmisión das/os traballadoras/es despedidas/os.

O expediente supuxo o despedimento de 49 empregadas e empregados da plataforma da Coruña.

A CIG valora positivamente o resultado da sentenza da Audiencia Nacional que anula o ERE presentado por Atento a principios do verán e que supuxo o despedimento de 672 persoas en todo o estado, 49 delas en Atento Coruña. Porén, a central sindical lamenta que na resolución a Audiencia non entrase a valorar a falta de causas obxectivas para aplicar o ERE, anulándoo só polos defectos de forma.



Para a CIG a sentenza non resulta totalmente satisfactoria, porque se pretende ir limitando a posibilidade de que os sindicatos poidan loitar xudicialmente contra a aprobación dos EREs, cando esa foi a única vía que deixou o Goberno do PP aberta tras a súa reforma laboral, “reforzando así o xa coñecido costume (condenando reiteradamente polos xulgados) de CCOO e UGT de tratar coa empresa ás escuras, sen testemuñas incómodas”, denuncian dende a Sección Sindical da CIG en Atento.

“A CIG sobráballes na Mesa Negociadora do ERE. E tamén lles molestaba a nosa presenza neste xuízo na Audiencia Nacional”, engaden.

O resultado da sentenza vén confirmar que as propostas de actuación defendidas pola Sección Sindical da CIG en Atento para loitar contra este inxusto ERE eran as máis acaídas: unidade de acción e mobilización continuada. Estas propostas non foron aceptadas polo resto do Comité de empresa, nomeadamente CCOO e UGT, “que preferiron unha vía pactista que levou a un **referendo absolutamente manipulado** que finalmente supuxo a anulación de todo o expediente”.

Lembran ademais, como se fixo no seu día, que o único centro de traballo que votou contra o ERE foi a plataforma da Coruña, demostrando os traballadores e traballadoras de Atento estar moito máis concienciados coa defensa dos seus empregos que CCOO e UGT.

Dende a Sección Sindical da CIG reiteran novamente “a chamada á unidade de acción do Comité de empresa na defensa dos postos de traballo en Atento A Coruña. A CIG esixe a readmisión inmediata de todo o persoal despedido”.

Así mesmo, queren coñecer de xeito inmediato que accións ten acordado tomar a empresa a respecto deste persoal e xa está cursada unha solicitude de reunión urxente para que explique a súa postura.